

5º..CCNN (SEMANA do 23 ao 30)

Fago os resumos e os esquemas mellor na libreta para axudarme a repasar. Uso cores e o espazo necesario para que sexa unha tarefa curiosa e útil, como explicamos na clase.

*CCNN (SEMANA 23 ao 30)

Nome: _____ Data: _____

Se fago este resumo na libreta, mellor!

A biosfera e os seus hábitats


A vida é posible na Terra porque hai auga líquida, unha capa de gases e temperaturas non demasiado extremas.

Atmosfera: a capa de gases que envolve a Terra.

Hydrosfera: está formada pola auga do planeta (mares, océanos, ríos, glaciares etc.).

Xeosfera: a parte sólida do planeta; divídese en codia, manto e núcleo.

Biosfera: o conxunto de todos os seres vivos da Terra.




Hábitats

- O lugar que representa as condicións adecuadas de luz, auga, temperatura, solo e osíxeno para que viva un grupo concreto de seres vivos denomínase **hábitat**.
- Os hábitats poden ser mariños, terrestres e de augas continentais.

Os ecosistemas

Un ecosistema é o conxunto formado polos seres vivos e o medio físico no que viven.

- Os seres vivos dun ecosistema establecen relacións de **depredación** (un aliméntase doutro), de **competencia** (ambos compiten polo mesmo) e de **cooperación** (axúdanse entre si).



- Nun ecosistema, os organismos aliméntanse uns doutros. Segundo a súa alimentación, os organismos son:
 - Produtores: crean a súa propia materia orgánica.
 - Consumidores primarios: aliméntanse de produtores.
 - Consumidores secundarios: aliméntanse de consumidores primarios.
 - Descompoñedores: transforman a materia orgánica morta en sales minerais.
- Se facemos a representación lineal da secuencia de organismos que se alimentan os uns dos outros, obtense unha **cadea trófica**.
- O conxunto de todas as cadeas tróficas dun ecosistema dá lugar a unha **rede trófica**.


Adaptación curricular (básica). Unidade 4

* _____




Nome: _____ Data: _____

1. Resolve este encrucillado.

1. Lugar que presenta as condicións adecuadas de luz, auga, temperatura, solo e osíxeno para que viva un grupo concreto de seres vivos.
2. Conxunto formado polos seres vivos e o medio físico no que viven.
3. Capa da Terra formada por todos os seres vivos que habitan no planeta.
4. Capa sólida do planeta.
5. Capa de gases que envolve a Terra.
6. Relación que se establece entre dous organismos diferentes que se alimentan do mesmo tipo de alimento.



2. Observa estas escenas: indica que seres vivos participan e explica a relación que se establece entre eles (competencia, depredación ou cooperación).



3. Representa unha cadea trófica con estas tres especies: saltón, xunco e ra.

_____ → _____ → _____

- Quen son o produtor, o consumidor primario e o secundario?
- Explica a relación que se establece entre a ra e o saltón.

23

* SEMANA 23 ao 30

Nome: _____

Data: _____

Se fago estes resumos con debuxos na libreta, MEJOR!

Os organismos produtores: as plantas

As plantas, xunto coas algas, son os principais organismos produtores da biosfera.

As partes e funcións das plantas

As follas: encárganse da respiración e a fotosíntese.

O talo: sostén a planta e contén os vasos condutores que poden ser de dous tipos:

- Os vasos *leñosos* transportan os sales e a auga que absorben as raíces cara ao resto da planta.
- Os vasos *liberianos* transportan os nutrientes fabricados nas follas ao resto da planta.



A flor: é a responsable da reprodución. A unión dos óvulos e do pole orixina unha semente. Na maioría das plantas, o resto da flor transfórmase en froito. Das sementes nace unha nova planta.


As raíces: fixan a planta ao chan e absorben auga e nutrientes.

A célula vexetal

As plantas están formadas por células.

A célula vexetal é parecida á célula animal pero ademais dispón:

- Dunha parede celular que lle proporciona rixidez.
- De cloroplastos, uns orgánulos que conteñen clorofila.



A respiración



Oxíxeno



Dióxido de carbono

Realízase durante o día e a noite.



A fotosíntese

Realízase durante o día.



Dióxido de carbono + Auga



Cloroplasto

Oxíxeno + Materia orgánica

Nome: _____

Data: _____

4 Identifica no esquema as partes sinaladas. Despois, relaciona cada parte da planta coas funcións que realiza.



Raiz

Talo

Folla

Flor

- Contén os órganos reprodutores.
- Fixa a planta ao solo.
- Sostén a planta.
- Realiza a respiración.
- Leva a cabo a fotosíntese.
- Contén os vasos condutores.
- Absorbe auga e nutrientes.

5 Indica se as seguintes oracións son verdadeiras (V) ou falsas (F).

A diferenza principal entre as células animais e vexetais é que as células animais teñen un núcleo e as vexetais, non.

A parede celular proporciona rixidez á célula.

Os cloroplastos son orgánulos característicos da célula animal.

Na parede celular atópase a clorofila, o pigmento que lles proporciona a cor verde ás plantas.

As células vexetais teñen unha estrutura similar á das células animais, pero ademais teñen cloroplastos e parede celular.

Nos cloroplastos realízase a fotosíntese.

6 Completa as oracións sobre a respiración e a fotosíntese coas palabras seguintes:

a) *oxíxeno* - *dióxido de carbono* - *materia orgánica* - *auga*

• Durante a fotosíntese, os sales minerais, o _____ e o _____ que absorbe a planta transfórmanse en presenza de luz solar. As substancias que se forman son _____ e _____, que se libera ao medio.

b) *dióxido de carbono* - *oxíxeno*

• A respiración ten lugar tanto de día como de noite; neste proceso, a planta capta _____ do medio e libera _____

